

Preguntas e respostas dos sectores agrarios á Consellaría de Medio Rural diante da emerxencia sanitaria pola pandemia do Coronavirus

O equipo técnico do Sindicato Labrego Galego está a manter un contacto directo coa Consellaría de Medio Rural para ir resolvendo as dúbidas que xorden diante das restricións e prohibicións impostas polo esta do de alerta e de emerxencia sanitaria



Desprazamentos para a actividade agrícola ou gandeira habitual


- ▶ Os desprazamentos para traballar están permitidos. Hai que seguir as recomendacións sanitarias.
- ▶ Os desprazamentos en coche serán individuais e se ten que ir outra persoa (traballadora) ten que ir no asento de atrás e en diagonal. A cuestión é o control de actividade que van facer os corpos de seguridade e que están pedindo papeis distintos: Aconsésalle levar xustificante ou certificado.

Polo tanto, pensamos que todos os desprazamentos en tractor tamén están incluídos cando sexa para realizar tarefas agrícolas.

Que lle pasa a unha explotación que está inmovilizada por saneamento gandeiro? Os veterinarios van seguir traballando?

Reposta da consellería: Si, neste caso os servizos oficiais veterinarios van seguir traballando de forma presencial nestes casos:

- ▶ Aquelas que deriven da existencia de animais reaccionantes nas Campañas de Saneamento Gandeiro na semana ou semanas anteriores a esta comunicación, e que estean pendentes de realizar: inmovilización de explotacións, marcaxe de animais, expedición de conduce...
- ▶ Probas sanitarias de parte en relación aos programas de erradicación de enfermidades, cando tras contactar coas persoas titulares das explotacións, non se podan demorar.
- ▶ Revisións sanitarias no marco dos programas de erradicación necesarias para determinar o status dos animais ou para desinmovilizar as explotacións que se considere que non se poden demorar, e cuxo atraso produciría un importante prexuízo para as persoas gandeiras.
- ▶ Toma de mostras en matadoiro de animais reaccionantes positivos ou dubidosos ás probas diagnósticas da campaña de saneamento.
- ▶ Inspeccións clínicas en animais porcinos trasladados dende países considerados de risco (todos os da Unión Europea agás Portugal e máis países terceiros), no marco do plan de vixilancia da Peste Porcina Africana.
- ▶ Actuacións oficiais tras detectarse positivos a inhibidores en leite nas análíticas de autocontrois no LIGAL.
- ▶ Aquelas outras actuacións que podan xurdir e que constitúan unha alerta en materia de sanidade animal, benestar animal ou seguridade alimentaria.

**Suspéndense as campañas de saneamento gandeiro?**

Sí, en principio quince días.

Granxas con contratos caducados

A Consellaría de Medio Rural dixo que lle pediu ao Ministerio de Agricultura que se prorroguen estes contratos.

Prazos para este periodo para cuestións que non son propiamente da administración como balances interprofesionais, extensión da norma dalgunha interprofesional (coello)...

NON HAI RESPOSTA DA CONSELLARÍA

Non teño crotais?

A partir do martes 17 hai que pedir cita telefónica nos servizos veterinarios das Oficinas agrarias comarcais. O servizo veterinario debe ter preparado todo para ir recoller só os crotais.

Como podemos dar de alta un becerro?

Entendemos que non hai problemas para as altas.

Seguen abertas as oficinas agrarias comarcais?

Resposta da páxina da consellería: Acórdase a suspensión de toda actividade presencial de rexistro e atención ao público nas oficinas agrarias comarcais, os distritos forestais e demais centros dependentes da Consellaría do Medio Rural.

Quedan exceptuados do disposto no parágrafo primeiro, aqueles procedementos que por non poder ser tramitados de forma telemática ou telefónica pola totalidade dos interesados, sexa imprescindible a súa tramitación para garantir a subministración de produtos agrícolas, gandeiros e forestais dentro das especificacións do Real Decreto que regula a declaración do estado de alarma. Sen prexuízo de ampliar os procedementos aos que resulte de aplicación o disposto neste parágrafo, inclúense en todo caso os procedementos de solicitude de autorizacións de traslado de gando e de certificados sanitarios internacionais para movemento de animais. En relación aos devanditos procedementos, atenderase de forma presencial ao cidadán, previa cita, e exclusivamente para os casos en que, por ausencia dos medios necesarios, o interesado non poida efectuar a tramitación correspondente de forma telemática ou telefónica.


Para os efectos da solicitude de cita para os casos previstos no parágrafo anterior, o interesado deberá poñerse en contacto coa oficina correspondente, por medio de teléfono ou de correo electrónico a partir do próximo martes día 17 de marzo, en horario de oficina. As citas concertaranse cos interesados de forma tal que se evite a coincidencia na oficina de dous cidadáns á vez. Achéganse en Anexo I a este documento a relación de números telefónicos e correos electrónicos de contacto das respectivas oficinas agrarias comarcais

Estou no SEVEDI, podo seguir facendo venda de alimentos na miña finca?

NON HAI RESPOSTA OFICIAL, pero recomendamos seguir coa actividade normal, seguindo sempre protocolos de sanidade, de venda de alimentos.

Os grupos de consumo poderán seguir a funcionar do mesmo xeito? (centro de acopio ou entrega a domicilio?)

NON HAI RESPOSTA OFICIAL, pero recomendamos seguir coa actividade normal, seguindo os protocolos de sanidade, de venda de alimentos, como ben de primeira necesidade.

**Hai algunha limitación para as tendas de subministro de abonos, plantas, pensos, plásticos, ferretería agrícola e gandeira, zosanitarios, fitosanitarios, ... subministradores agrícolas e gandeiros en xeral?**

Non, así mesmo a Consellaría de Medio Rural solicitou que se aclarara a posibilidade de apertura de agrotendas e establecementos de alimentación animal.

En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de prevención e recomendacións establecidas pola Consellería de Sanidade.

Seguen abertos os mercados de alimentos locais?

A Consellería homologa os mercados de alimentos locais a feiras de diferente índole, algo que desde o SLG cuestionamos por diferentes motivos.

Nestes momentos, están a pechar algúns mercados de alimentos e outros non, atendendo a diversos criterios e segundo o concello. O SLG está a por todo o seu esforzo para que o abastecemento de produtos labregos e locais estén asegurados, e sempre seguindo os protocolos correspondentes a este tipo de venda. Esperamos ter novas máis clarificadoras nos próximos días.

Hai algunha limitación para a prestación de servizos de veterinaria, servizos agronómicos, servizos de maquinaria en común, recollida de forraxe e sementeiras, etc?

Non. De feito isto foi aclarado especificamente no acordo da CECOP galega sinalando que non estaban afectados os servizos veterinarios.

Neste caso remitímonos ás recomendacións sanitarias que se estableceron para todos, así mesmo estamos pendentes de que nos remitan información por parte das autoridades sanitarias.

Podo levar un becerro ao matadoiro?

Entendemos que sí, que os matadoiros funcionan con normalidade.

Que pasa cos mercados de gando? Os tratantes seguen a ter actividade?

Os mercados de gando están pechados. Os tratantes teñen actividade

Pódense facer limpeza de montes individuais, plantar froiteiras, produtos de horta etc. en fincas particulares non limítrofes coas vivendas durante a alarma sanitaria?


Tal e como dispón o RD 463/2020, de declaración do estado de alarma, están permitidos os desprazamentos para traballar, polo que nos remitimos ás recomendacións sanitarias para desenvolver coa máxima seguridade posible as devanditas tarefas, sendo susceptible, por suposto, de ser sometido a un control da actividade que vaia desempeñar por parte dos corpos de seguridade. Ademais, debemos ter en conta que poderán existir cambios e modificacións en atención á adopción de novas medidas máis restritivas que poidan anunciar as autoridades

Fago traballos agrícolas. Podo seguir con normalidade a miña actividade?

Contestado pola Consellaría de Medio Rural: Si poden seguir facéndose traballos agrícolas

Hai moitas granxas produtoras de leite que están no Control Leiteiro. Unha persoa vén facer ese control ás granxas, está na sala de muxido e as persoas están cruzándose durante toda a actividade. Neste caso, pódeseelles dicir que non veñan facer o control ou simplemente suspendelo mentres dure o estado de alarma? No mes de agosto por vacacións dos propios controladores xa non se fai.

Non temos contestación.



Como pode pasar a fronteira un traballador ou unha traballadora de Portugal? Pode vir traballar? Pode negarse a vir traballar?

Os traballadores e traballadoras transfronteirizas poden seguir facendo o seu traballo con normalidade, recomendando que leven un certificado co lugar de traballo, horario e enderezo habitual.

Nestes momentos que temos que empezar a dar as aplicacións fitosanitarias, pódese ir co tractor a realizar as aplicacións fitosanitarias?

Si, pódense dar os tratamentos. No sector do viño, por exemplo, as cooperativas mandaron mensaxe de levar encima rexistro vitícola, etc.

Como deben organizarse os traballadores e as traballadoras?

Seguir os protocolos de sanidade.

Pódense compartir desprazamentos no mesmo coche para repartir a domicilio cestas de horta? Temos o caso dunha labrega que non ten carné e é a súa parella a que conduce. É posible?

Poden circular polas vías públicas persoas que asistan a persoas dependentes, menores de idade ou por necesidades debidamente xustificadas. No caso de circular por motivos de traballo, poden ir como máximo dúas persoas no coche, unha conducindo e outra no asento posterior e en diagonal. A causa laboral considerase causa xustificada se é acreditada cos certificados ou a documentación pertinente.

Durante o estado de alarma as compañías aseguradoras só se van a facer cargo dos sinistros (automóviles....) que se produzan realizando algunha das actividades que aparecen autorizadas no real decreto? Se teño un accidente sen poder xustificar que me estaba desprazando para esas necesidades, as compañías poden non facerse cargo dos sinistros? E se sufro un accidente co tractor ao ir alimentar o gando?


No relativo aos accidentes de tráfico, as aseguradoras faranse cargo pero as persoas accidentadas terán que responder ante as autoridades e/ou administración do motivo polo que circulaba debido ás restricións de uso das vías segundo o RD 463/2020

Isto significa que se o motivo do desprazamento non é ningún dos recollidos no citado RD a persoa conductora enfrontarase a sancións entre 100 e 600.000 €

Por outra parte, desde a Asociación Empresarial do Seguro UNESPA dise literalmente: “Reitérase que a declaración do estado de alerta non modifica as proteccións que ofrece o seguro do automóbil, tanto na súa modalidade de seguro a terceiros como no resto de garantías. Esta declaración institucional realízase a raíz da aparición dalgunhas informacións incorrectas en medios de comunicación e redes sociais nas que se cuestionaba a continuidade da protección”

Os agricultores non profesionais que temos fincas con viñedos, hortas, etc., podemos trasladarnos dende a nosa casas para ir atender as nosas colleitas, por exemplo para plantar ou apañar patacas, regar, sulfatar a viña, etc?

Resposta de Vicepresidencia da Xunta: Aínda que non sexas profesional, si podes desprazarte ás túas fincas para traballar nelas sempre e cando cumpras as recomendacións sanitarias establecidas.



MERCADOS DE PROXIMIDADE QUE PERIGAN OU QUE DECIDIRON NON FACERSE:

4 Ponlas, Pontevedra, Ribadeo, Negreira, Carral, Cambre, Compostela, Cariño, Ortigueira. Mondoñedo, Foz, Castro de Rei, Muimenta, Meira, Oroso, Mesón do Vento, Curtis, Teixeiro, Guitiriz, Cangas, Berceá, Baralla, Pedrafita, Navia de Suarna, Parga, Pontearreas, Salvaterra, Vilalba.

Dende o Sindicato Labrego Galego estamos enviando, xunto a Fruga, escritos á Xunta de Galicia e Delegación do Goberno instando a que ordenen aos concellos galegos a manter estes mercados abertos para garantir o acceso á cidadanía a bens esenciais como os alimentos.

DENDE O SINDICATO LABREGO GALEGO IREMOS ACTUALIZANDO CADA DÍA ESTE CUESTIONARIO COAS NOVIDADES QUE VAIAN XURDINDO



sindicato
labrego galego
comisións labregas